




### 1. EMPRAZAMENTO




#### DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Oleiros. Parroquia: Santa María de Dexo. Extensión: 0,79km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada con depósitos areosos e lamacentos ao pé. Vertentes con pendente notable como degradación hídrica (100m de desnivel en 800m de lonxitude) da antiga superficie erosiva de nivel dos 100/200m, canalizada nunha valgada que verte ao porto. Inclúe o EIX Xeomorfoloxía estrutural da Costa de Dexo.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente no Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistosos e cuarzosistosos, de idade precámbrico-silúrica.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A conca de Lorbé pertence ao dominio climático Cálido e Subhúmido. Valores medios de temperatura superiores a 14°C ao ano e precipitación media anual acumulada entre 1000mm e 1200mm. A oscilación térmica varía entre 12,5°C e 13,5°C.

#### OS SOLOS

Sector cantil con vertentes de certa inclinación que só permiten o desenvolvemento de solos pouco evolucionados, en concreto, umbrisois dístricos. No sector elevado e aplanado ao suroeste da unidade, aparece un cambisol eútrico.


#### AS AUGAS

Vertente costeira de escasa prolongación continental que forma unha pequena conca que desauga na zona de contacto entre as masas de Augas Costeiras 20097 e 20096 da Ría de Ares e Betanzos.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Ao norte do espigón do porto de Lorbé, os cantís e parte das vertentes sobre os mesmos están protexidas polo Monumento Natural Costa de Dexo. Costa mixta na que dominan os cantís e, por iso, o hábitat 1230 de cantís atlánticos. Aparece ademais o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados en plataformas rochosas e superficies areosas intermareais. Zona mixta de monte arboredo e espazos agrarios en claro abandono. Non aparecendo masas mixtas con especies autóctonas, polo dominio do eucalipto, só se atopan pequenas áreas con conxuntos arbóreos de recolonización, único elemento a destacar.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Dentro do conxunto da enseada de Lorbé, esta unidade é a que mantén unha maior superficie de uso agrícola, cunha gran continuidade na vertente norte da pequena conca que constitúe a unidade. Na franxa costeira da vertente sur, as ladeiras do monte da Ortiga dedícanse a usos forestais, cubertas por bosque de repoboación. A parte máis interior da unidade concentra practicamente todos os usos residenciais deste ámbito, aínda que con pouca compactidade e alternando parcelas agrícolas entre as edificacións. No punto medio da fronte litoral, ao redor do porto de Lorbé, xeráronse certos usos industriais relacionados coas actividades pesqueiras. Nas augas da enseada de Lorbé desenvólvese unha importante actividade de cultivo de mexillón mediante bateas, á que dá servizo o porto do mesmo nome.

#### MORFOLOXÍA

O núcleo de Lorbé, situado na parte occidental deste territorio, é o máis importante das tres unidades que se abren á enseada de mesmo nome. Sitúase nunha zona sensiblemente plana, na divisoria que encadra a conca da unidade. Na súa orixe estaba composto polos casaríos de A Granxa, Barreiro, Mollón, Lodeira, non excesivamente separados pero con terras de cultivo intersticiais. Os crecementos recentes destes asentamentos, especialmente e ao longo das vías de comunicación que os unen, tenderon a unir os diferentes tecidos, aínda que non se chegou a xerar un núcleo compacto nin continuo. A funcionalidade deste núcleo vese complementada coa actividade do porto pesqueiro na Praia de Portela. Así, considerouse a Lorbé como Núcleo de Identidade Litoral.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía máis importante que se atopa no ámbito é a AC-163 (Sada-Mera), que percorre a unidade polo seu extremo suroccidental, articulando os asentamentos orixinais. Desde Lorbé parte tamén a C-5802, que baixa até o porto cun trazado sinuoso para salvar a pendente. Exceptuando estas dúas vías e algunhas pistas asfaltadas que se atopan no núcleo principal, a rede viaria da unidade segue respondendo aos mesmos camiños e pistas que tradicionalmente daban acceso ás parcelas de cultivo, cunha traza fundamentalmente paralela á costa (froito da organización en terrazas da ladeira) e con poucas conexións ao mar. O porto de Lorbé está dedicado fundamentalmente á pesca de baixura e explotación dos recursos marisqueiros (bateas de mexillón).

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Na ladeira sueste do Monte do Corgo atópase o único depósito arqueolóxico rexistrado na unidade, o enterramento coñecido como "As Medoñas", próximo ao núcleo de Lorbé. Dentro deste, catalóganse o conxunto de arquitectura popular de Pardifeiro e o Monumento da "Casa e torre de Lorbé", construída no ano 1703 e actualmente explotada como restaurante.

### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A fronte litoral da unidade de Lorbé, xunto co dos ámbitos veciños de Praia de Cirro e Praia de San Pedro ao oriente, forma unha baía relativamente aberta coñecida como enseada de Lorbé, delimitada por unha sucesión de cantís e pequenas praias entre Punta Gavoteira e Punta Redonda. As tres paisaxes caracterízanse por responder á tipoloxía de vertentes "de pendente moderada", cunha superficie reducida, escasa prolongación continental e compostas por unha sucesión de pequenos vales de suave pendente, aínda que no caso desta unidade esta é sensiblemente maior, especialmente na ladeira oriental do Monte do Corgo. Precisamente esta área, mantén case intacto o sistema orixinal de socialcos e bancais, sendo o exemplo máis representativo da organización tradicional do territorio. O porto actúa de foco dinamizador da economía local, dando servizo ás actividades relacionadas co mar, adaptadas ás necesidades contemporáneas de produción, como o cultivo de mexillón en bateas.

### DINÁMICA DA PAISAXE

As unidades paisaxísticas de Praia de San Pedro, Praia de Cirro e Lorbé experimentaron unha evolución significativamente similar nas dinámicas da súa organización territorial. En liñas xerais, este proceso caracterízase por un progresivo abandono das terras de cultivo que rodean os núcleos tradicionais de poboación, aínda que neste caso o fenómeno non foi tan acentuado como nas súas unidades veciñas. Así, na vertente norte aínda se conservan as terras coa estrutura parcelaria orixinal, dedicándose a usos agrícolas. Con todo, o aumento da superficie forestal e os crecementos residenciais ao redor de Lorbé foron colonizando antigas terras de labranza. Tamén supuxo un cambio importante na organización do territorio a ampliación do porto de Lorbé na Praia de Portelo, xa que potenciou o seu carácter de foco de centralidade con influencia non só nesta unidade, atraendo novas funcións e impulsando novos crecementos.

### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto que forman as tres unidades de Praia de San Pedro, Praia de Cirro e Lorbé presenta un litoral de alto valor xeomorfolóxico e ecolóxico, xa que a sucesión de pequenas praias areosas con formacións acantiladas cubertas de vexetación atlántica, supoñen un fenómeno particularmente reseñable. A observación desta unidade é interesante desde a fronte costeira, destacando a panorámica do porto de Lorbé. A unidade de Lorbé, que delimita o conxunto polo norte, destaca polo alto valor das súas formacións acantiladas setentrionais, como evidencia a súa inclusión no Espazo de Interese Xeomorfolóxico de Xeomorfoloxía estrutural da Costa de Dexo, así como nos espazos naturais das categorías de Monumento natural, ZEPVN e LIC de Costa de Dexo. Son tamén de especial interese os bancais de cultivo que se conservan na ladeira este do Monte do Corgo, xa que manteñen a estrutura e morfoloxía tradicionais case intactas. O porto, as actividades marisqueiras que xera e as relacións visuais que posibilita da contorna da enseada de Lorbé son outros valores destacables desta unidade. Entre as panorámicas posibles destaca a de dirección suroriental coa visión do Espazo de Interese Paisaxístico de Punta de San Mamede.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS




A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









-  Chairas intermareais / Llanuras intermareais
-  Marismas / Marismas
-  Praias / Playas
-  Dunas / Dunas
-  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros
-  Cantis / Acantilados
-  Vexetación costeira / Vegetación costera
-  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos
-  Bosques de ribeira / Bosques de ribera
-  Bosques mixtos / Bosques mixtos
-  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización
-  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo
-  Matogueiras / Matorrales
-  Cultivos e prados / Cultivos y prados
-  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
-  Viñedos / Viñedos
-  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
-  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
-  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
-  Outras masas de auga / Otras masas de agua
-  Canteira / Cantera
-  Artificial / Artificial

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

-  0 m
-  -10 m
-  -20 m
-  -50 m
-  -100 m
-  -200 m
-  -500 m
-  -1000 m
-  -2000 m
-  -3000 m












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



